

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

DTO. ORIENTACIÓN

**IES A PONTEPEDRIÑA
CURSO 2025-26**

ÍNDICE

1._ Introducción. Marco legal.	4
2._ Xustificación baseada no contexto.	7
3._ Determinación de alumnado obxecto de atención específica.	8
4._ Obxectivos.	12
5._ Actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.	13
5.1.- Ordinarias de carácter preventivo.	13
5.2.- Ordinarias de carácter curricular e/ou organizativo.	15
5.3.- Medidas extraordinarias.	18
6._ Actuacións dos distintos profesionais implicados na atención á diversidade.	21
7._ Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.	29
8._ Criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas.	30
8.1.- Criterios xerais.	30
8.2.- Criterios para facilitar a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.	31

9._ Mecanismos de coordinación e colaboración.	31
9.1. No propio centro.	31
9.1.1.- Titor/a e equipo docente.	
9.1.2.- Profesorado especialista en PT.	
9.1.3.- Xefatura do departamento de orientación.	
9.1.4.- Equipo directivo.	
9.2. Cos centros adscritos.	33
9.3. Co Equipo de Orientación Específico.	33
9.4. Cos servizos municipais.	34
9.5. Con outras institucións.	35
10._ Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais.	35
11._ Avaliación e revisión do PXAD.	36
12._ Anexos para a tramitación, solicitude e/ou autorización das medidas ordinarias e extraordinarias e outros.	38

1.- MARCO LEGAL. INTRODUCCIÓN.

- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120 /1998.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 e maio, de educación (DOG 21 de decembro de 2011).
- Orde 8 de setembro de 2021 pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de educación.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e co currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos

públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- Resolución do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26.
- Resolución do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/26.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) é un documento institucional que desenvolve as medidas xerais de atención á diversidade contempladas no PEC, concretando as actuacións dos distintos profesionais, os mecanismos de colaboración e coordinación internos, cos centros adscritos, coas familias do alumnado e cos servizos externos ao centro, así como as actuacións para a súa avaliación e seguimento.

O PXAD será o instrumento que guíe a planificación e concreción anual das medidas educativas de atención á diversidade en función das necesidades detectadas e dos recursos dispoñibles no marco da Programación Xeral Anual.

A súa elaboración correspóndelle ao departamento de orientación en función das directrices marcadas pola CCP e a normativa vixente. A súa avaliación e seguimento corresponde ao equipo directivo coa colaboración dos implicados. O Plan Xeral de Atención á Diversidade debe ser informado polo claustro e aprobado polo consello escolar.

Tendo en conta a lexislación vixente, o Sistema Educativo disporá dos recursos necesarios para que o alumnado de “necesidades específicas de apoio educativo” poidan acadar os obxectivos establecidos con carácter xeral para todos. Isto implica que os centros deberán contar coa debida organización

escolar e realizar as adaptacións e axustes que se consideren oportunos para levar a cabo este principio.

Entendemos que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo como aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

En definitiva, concíbese a **atención á diversidade**, tal e como se recolle no xa mencionado *Decreto 229/2011* e na *Orde do 8 de setembro de 2021*, como:

“O conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado”.

O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible, require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, dende o principio de inclusión. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades específicas de apoio educativo tales como:

- Necesidades educativas especiais.
- Retraso madurativo.
- Trastornos da linguaxe e da comunicación.
- Trastornos da atención ou da aprendizaxe.
- Vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural.
- Altas capacidades intelectuais.
- Incorporación tardía ó sistema educativo.
- Condicións persoais ou de historia escolar.

A atención deste alumnado deberá axustarse, entre outros, aos principios de:

- Prevención.
- Normalización e inclusión.
- Equidade.
- Igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Deseño Universal da Aprendizaxe.
- Interculturalidade e promoción da convivencia.
- Autonomía dos centros docentes.
- E participación de toda a comunidade educativa.

2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

O noso centro é un IES, situado na cidade de Santiago de Compostela. Os alumnos/as proveñen, principalmente, do barrio de Pontepedriña, Conxo, Lamas de Abade, Os Tilos e Sar. En Bacharelato tamén acoden alumnos e alumnas de Vedra e Boqueixón.

O centro imparte as seguintes *ensinanzas*:

ETAPAS
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA: - 1º ESO: 3 liñas - 2º ESO: 3 liñas - 3º ESO: 3 liñas - 4º ESO: 3 liñas
BACHARELATO nas modalidades de: - Ciencias e Tecnoloxía . - Humanidades e Ciencias Sociais.

CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

F.P.B Servizos Comerciais.

FP DUAL

C. S. Xestión de Ventas e Espazos Comerciais.

C. S. Transporte e loxística.

C.M. Comercialización de produtos alimentarios.

FP A DISTANCIA

C.S. Marketing e publicidade

C.S Transporte e loxística

C.S Xestión de vendas

C.S Comercio internacional

PRESENCIAL

C.M Actividades Comerciais.

C.S Comercio Internacional.

C.S Xestión de Ventas e espazos comerciais.

As características presentes no alumnado con necesidade específica de apoio educativo é diversa: condicións persoais por discapacidade, situacións familiares desfavorecidas, dificultades específicas de aprendizaxe, alumnado migrante con desfase curricular, dificultades co idioma ou alumnado con mobilidade reducida. A maioría deste alumnado require medidas de atención á diversidade.

Nos últimos tempos percíbese un incremento notable do alumnado que presenta Trastorno de Déficit de Atención con/sen Hiperactividade, Trastornos do Espectro Autista e tamén de Trastornos Específicos da Aprendizaxe ou DEA. A maioría deste alumnado está a recibir medidas ordinarias de atención á diversidade.

Entre os recursos cos que podemos contar atópanse:

- Servizos sanitarios: centros de saúde de atención primaria e servizos especializados entre as que se atopan as unidades de saúde mental infanto-xuvenil.
- Servizos sociais comunitarios, profesionais de traballo social, educadores/as familiares ou técnicos de orientación laboral.
- Entidades do terceiro sector como Igaxes, Secretariado Xitano ou Arela.

3.- DETERMINACIÓN DE ALUMNADO OBXECTO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA:

3.1.- Proceso de detección de necesidades:

O profesor e/ou titor/a, en coordinación co profesorado e o departamento de orientación, ben a través da avaliación inicial ou ao longo das diversas accións educativas levadas a cabo na aula:

- Detecta necesidades educativas (alteracións, dificultades, problemas,...) nalgúns ámbitos do desenvolvemento nun alumno/a determinado.
- Recolle información a través da observación, informes, avaliación inicial, traballos, etc.
- Intercambia información coa familia.
- Tenta dar resposta ás necesidades detectadas con medidas ordinarias.
- Se non o consegue, demanda a colaboración do departamento de orientación, quen valora o caso e determina as medidas educativas a adoptar (**ANEXO I**). Os pais, nais ou titores legais estarán informados destas medidas.

3.2.- Tipo de alumnado:

- Alumnado NEAE cun desfase curricular temporal con respecto ao grupo nas técnicas instrumentais.
- Alumnado sen NEAE con problemas no ritmo de aprendizaxe.
- Alumnado NEAE que ademais das axudas habituais, precisa recibir outro tipo de axudas pedagóxicas (RE, PT,). Estas necesidades poden ser:
 - **Temporais:** Existe adaptación dunha parte do currículo ás características do alumnado nun momento do seu desenvolvemento. Poden asimilarse ás “dificultades de aprendizaxe” e teñen carácter transitorio; necesidades no desenvolvemento motor, perceptivo, nas habilidades sociais, conceptual, na aprendizaxe das técnicas básicas

(lectoescritura, matemáticas) ou na aprendizaxe de técnicas de traballo intelectual (hábitos de estudo, técnicas de estudo,...).

- **Permanentes:** Serán as que esixan unha adaptación xeneralizada do currículo escolar ás características do alumno/a, refírense a alumnado con alteracións significativas no seu desenvolvemento: intelectual, sensorial, físico-motórico, afectivo-emocional e /ou sociocultural.

3.3.- NECESIDADES DETECTADAS NO CENTRO:

Logo da correspondente análise da situación existente no centro no que ao ámbito da atención á diversidade se refire, pódense destacar con relación ao mesmo as seguintes necesidades:

NIVEL	NEAE	NEE
1º ESO	14	4
2º ESO	15	0
3º ESO	18	2
4º ESO	19	2
1ºBAC	9	0
2ºBAC	8	0
1ºFPB	1	0
2º FPB	4	0
1º CFGM	1	0
2º CFGM	1	0
TOTAL	90	8

Entre as medidas de atención á diversidade que se aplican no centro, atópanse as seguintes:

Medidas xerais:

- Plan de Convivencia.
- Manexo da optatividade das materias.
- Tutoría.

Medidas preventivas:

- Avaliación inicial.
- Proceso de acollida do alumnado.

Medidas ordinarias e extraordinarias:

MAD ORDINARIAS	MAD EXTRAORDINARIAS
<ul style="list-style-type: none"> ● Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula. ● Adecuación das programacións didácticas ás características do alumnado. ● Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, titoría entre iguais, apredizaxe por proxectos, polos creativos e outras que promovan a inclusión. ● Adaptacións dos tempos, dos instrumentos e procedementos de avaliación. ● Reforzo educativo. ● Programas de enriquecemento curricular: aula de excelencia. ● Plan específico de reforzo. ● Plan específico personalizado. ● Prácticas de educación restaurativa. ● Aula de convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Adaptacións curriculares. ● Apoio profesorado especialista en PT. ● Programas de PDC en 3º e 4º da ESO. ● FPB Servizos Comerciais. ● Flexibilización da duración da escolarización na educación secundaria obligatoria. ● Flexibilización da duración da escolarización na etapa de bacharelato. ● Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. ● Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e acoso escolar. ● Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro: aulas de linguas. ● Programa RESET ● Programa de Titorías Individualizadas de Igaxes ● Escolarización combinada con CEE ou HDIX.

3.4.- ACCIÓNS A DESENVOLVER:

Atendendo aos obxectivos que se veñen de presentar consideramos que de cara á consecución dos mesmos é recomendable seguir a seguinte secuencia de actuacións:

Accións previstas	Axentes	Temporalización
Recollida, análise e toma de decisións en base aos informes psicopedagóxicos remitidos desde os CEIPs adscritos ao IES	-Xefa do Dpto. de Orientación. - Profesoras de PT	Setembro/Outubro
Revisión, e se procede, modificación das medidas de atención á diversidade existentes no centro (RE, AC, Apoio PT, ...)	- Xefa do Dpto. de Orientación. -Profesoras de PT. -Profesorado implicado. -Xefe de Estudos.	Setembro/outubro/e en xeral ao longo de todo o curso.
Colaboración no desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á	-Xefa do Depto. De Orientación. -Profesoras de PT. -Profesorado implicado.	Ao longo do curso.

diversidade existentes no centro (RE, AC, PDC...)	-Xefe de Estudos.	
Realización de xuntanzas co profesorado que atende ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.	-Xefa do Dpto. de Orientación. -Profesoras de PT. -Profesorado implicado. -Xefe de Estudos.	Ao longo do curso.
Participación na avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.	-Xefa do Dpto. de Orientación. -Profesoras de PT. -Profesorado implicado.	Ao longo das diferentes sesións de avaliación.
Realización de xuntanzas coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.	-Xefe do Dpto. de Orientación. -Profesoras de PT. -Profesorado implicado. -Titores/as.	Ao longo de todo o curso.
Traballo en pro da prevención de dificultades de aprendizaxe.	-Xefa do Dpto. de Orientación. -Profesorado en xeral.	Ao longo de todo o curso (sobre todo durante as sesións de titoría)
Realización das avaliacións psicopedagóxicas que se consideren necesarias e proposta das correspondentes medidas de atención.	-Xefe do Dpto. de Orientación. -EOE (se é preciso)	Ao longo de todo o curso (segundo demanden as circunstancias).
Identificación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que en cursos vindeiros se poden incorporar ao IES.	-Xefa do Dpto. de Orientación. -Profesoras de PT. -Dpto. De Orientación dos CEIP adscritos ao IES.	Maio/xuño
Recollida da documentación oficial do alumnado que recibise medidas de RE e/ou de AC.	-Xefa do Dpto. de Orientación. -Profesora de PT. -Profesorado implicado.	Maio/xuño
		Trimestralmente.
Seguimento das AC	-Xefa do Dpto. de Orientación. -Profesorado implicado.	
Seguimento Reforzos educativos	- Xefatura do Dpto de Orientación. -Profesorado implicado	Final de curso
Previsión y realización de propostas para alumnado PDC	-Profesorado -Xefatura DO -Xefatura Estudos	Segunda/terceira avaliación Meses maio/xuño
Elaboración informes alumnado CF co discapacidade	-DO	Mes de xuño.
Establecemento de contactos con especialistas, servizos	-Xefe do Dpto. de Orientación	Ao longo do curso (segundo demanden as

4.- OBXECTIVOS.

Para acadar as finalidades básicas do ensino obrigatorio de dar unha formación básica común (comprensividade) e dispoñer das condicións para unha ensinanza personalizada (diversidade) propoñemos os seguintes obxectivos de cara á consecución ao longo do ano académico 2025-2026:

- Detectar o antes posible as necesidades educativas especiais do alumnado e establecer un diagnóstico e intervención axeitados.
- Facilitar a integración/inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tanto a nivel de grupo-clase como a nivel de centro.
- Clarificar as responsabilidades de cada un dos profesionais implicados no proceso nun contexto de cooperación.
- Diseñar propostas educativas diversificadas: de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado.
- Asesorar e orientar ao profesorado de cara á atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: elaboración de Adaptacións Curriculares, proposta de traballo específico, realización de avaliacións, cumprimentación de documentos oficiais,...
- Revisar, e se procede, modificar as medidas de atención á diversidade desenvoltas no centro atendendo criterios de retirada de medidas extraordinarias.
- Manter reunións periódicas cos pais/nais do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo de cara ao intercambio de información sobre o mesmo.
- Manter reunións periódicas co profesorado que atende ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo de cara a analizar, e se procede modificar, o traballo que se estea a desenvolver co mesmo.
- Promover a adopción de medidas que favorezan a acollida e a inserción do alumnado migrante e daquel que se atope nunha situación de risco de abandono escolar ou en situación de vulnerabilidade sociofamiliar.
- Emisión de informes escritos que sexan pertinentes previa solicitude razoada por escrito.

5.-ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

5.1.- Medidas ordinarias de carácter preventivo: Pretenden garantir un tratamento educativo personalizado, promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas:

MEDIDA/ PROGRAMAS	CONSISTE EN	DESTINATARIOS	FUNCIONAMENTO	RESPONSABLES	ANEXOS
Plan de transición de Primaria a ESO	Conxunto de actuacións destinadas a facilitar o tránsito do alumnado ao IES	Alumnado de 6º Ed. Primaria dos centros adscritos e familias que deciden matricular os seus fillos/as no IES.	Desenvolvemnto do programa	Coordinación: Xefatura do departamento de orientación do IES Responsables: Xefaturas dos departamentos de orientación IES e CEIPs coa colaboración dos equipos directivos	ANEXO: II ANEXO: III
Protocolo de actuación nos casos de absentismo escolar	Actuacións dirixidas a paliar o absentismo	Alumnado sancionado coa 1ª falta grave de asistencia e as súas familias	Intervención no centro: titorías, Departamento de orientación e Xefatura de estudos. Intervención externa: servizos sociais e de menores	Coordinación: Xefatura de estudos. Responsables: Titores/as, xefatura de estudos co asesoramento da xefatura do departamento de orientación	PAT, NOFC, Plan de Convivencia
Aulas de atención educativa e de convivencia	Aula ou espazo do centro, determinado pola dirección, habilitado para cumprir as funcións establecidas pola Lei de convivencia	Alumnado que incorra de forma reiterada en condutas disruptivas	O alumnado sancionado recibirá atención directa para o desenvolvemento do programa de habilidades sociais (departamento de orientación) ou das actividades formativas (profesorado de garda)	Coordinación: xefatura de estudos e Departamento de orientación Atención directa na aula: profesorado de garda	Plan de convivencia e Programa RESET de IGAXES
Programa de Habilidades Sociais	Actividades para desenvolver na titoría	Todo o alumnado da ESO	Desenvolvemnto do programa na hora da titoría lectiva	Responsables: Titores/as da ESO	Programa de Habilidades

Protocolo de incorporación do alumnado procedente do estranxeiro	Procedemento que establece os pasos a seguir na súa incorporación	Alumnado de procedencia estranxeira	Na súa incorporación	Responsables: Xefatura de estudos e Departamento de orientación	Plan de acollida.
Opcionalidade	Que o alumnado acade os obxectivos da ESO e do bacharelato por diferentes itinerarios formativos	Alumnado da ESO, bacharelato e as súas familias	Elección de optativas que configuran os diferentes itinerarios formativos por parte do alumnado e das súas familias.	A súa actualización é responsabilidade do equipo directivo coa colaboración da CCP. Asesoramento: do profesorado do Departamento de orientación e titorías	Oferta formativa .

5.2.-Medidas ordinarias de carácter curricular e/ou organizativo .

Van dirixidas a facilitar a adecuación dos elementos prescriptivos do currículo, ao contexto sociocultural do centro e ás características do alumnado, sen levar a cabo unha alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro e ás características do alumnado. A súa finalidade é dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe do noso alumnado e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e das competencias básicas establecidas nas diferentes etapas educativas.

MEDIDA/ PROGRAMAS	CONSISTE EN	DIRIXIDA	REFLECTIDA EN ANEXOS	RESPONSABLES
Adecuación da estrutura organizativa do centro ás características do alumnado	Criterios para a asignación do alumnado aos diferentes grupos. Criterios para a confección dos horarios. Organización de espazos e instalacións	ESO Bacharelato	Regulamento de Réxime Interno do PE.	Concreción anual: equipo directivo co asesoramento da CCP e do DO. Aplicación: Xefatura de Estudos
Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Normas de xestión e organización da aula	ESO Bacharelato	Regulamento de Réxime Interno do PE.	Titor/a e profesorado do grupo Xefatura de Estudos.

<p>Adecuación das programacións didácticas</p>	<p>Adaptar as programacións didácticas e as programacións de aula ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe.</p>	<p>ESO Bacharelato</p>	<p>Anualmente nas diferentes programacións didácticas e de aula</p>	<p>Programacións didácticas: xefaturas dos departamentos didácticos . Programacións de aula: Profesorado das diferentes materias</p>
<p>Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación</p>	<p>Incrementar o tempo de realización das probas escritas. Fragmentar os exames. Realizar exames orais. Rexistros do traballo diario. Adaptar o exame en función das necesidades detectadas (estrutura do exame, preguntas curtas, tipo test, de relación, aumentar o tamaño da letra, tipo de papel, etc) Aplicar os protocolos publicados pola Xunta.</p>	<p>Alumnado da ESO e bacharelato que presenta TDAH, DISLEXIA, déficits sensoriais e aquel outro que por circunstancias as diversas o aconsellen así os servizos de orientación</p>	<p>ANEXO IV: AC TDH. ANEXO V: AC/ DISLEXIA</p>	<p>O profesorado de materia coa colaboración do departamento de Orientación. Nas medidas de atención á diversidade das diferentes programacións didácticas</p>
<p>Programas de reforzo para o alumnado da ESO</p>	<p>Medida de reforzo educativo destinadas a recuperar as aprendizaxes non adquiridas</p>	<p>Alumnado da ESO que promove con materias pendentes.</p>	<p>PE Programacións didácticas (medidas de atención á diversidade)</p>	<p>Concreción anual: Xefaturas dos departamentos didácticos Responsables do seu desenvolvemento: Profesorado de materia Responsables da recollida de informes: Departamento de Orientación.</p>
<p>Programas específicos personalizados</p>	<p>Medidas de reforzo educativo para axudar ao alumnado repetidor a superar as dificultades, incidir sobre as carencias e favorecer a adquisición das competencias básicas</p>	<p>Alumnado da ESO que non promove e que permanece un ano máis no mesmo curso</p>	<p>PE Programacións didácticas (medidas de atención á diversidade)</p>	<p>Concreción anual: Xefaturas dos departamentos didácticos Responsables do seu desenvolvemento: profesorado de materia Responsables da recollida de informes: Departamento de orientación.</p>

<p>Programas de enriquecemento curricular: aula de excelencia</p>	<p>Consiste en proporcionar as ferramentas ao alumnado para que amplíe, profundice ou investigue sobre temas relacionados coas súas aptitudes sobresaíntes ou centros de interese.</p>	<p>Alumnado da ESO e bacharelato que presente necesidade específica de apoio educativo asociada a AACC</p>	<p>Programacións de aula Programa do Aula de Excelencia</p>	<p>Coordinación da Aula de Excelencia Docentes dos departamentos didácticos implicados Xefatura do DO</p>
<p>Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, tutoría entre iguais, Polos Creativos e outras que promovan a inclusión</p>	<p>A posta en marcha de metodoloxías que favorezan a atención individualizada, a aplicación de estratexias cooperativas, tutoría entre iguais</p>	<p>ESO bacharelato</p>	<p>PE Desenvolvida nas diferentes programacións didácticas</p>	<p>Titor/a e profesorado do grupo co asesoramento do Departamento de orientación Profesorado participante nos Polos Creativos</p>
<p>Programas de reforzo no ámbito lingüístico e no ámbito matemático</p>	<p>Agrupamentos de grupos reducidos de alumnos dun mesmo nivel que teñen como finalidade asegurar a adquisición das competencias básicas nas materias de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e matemáticas. Impártese no horario da 2ª LEF</p>	<p>Dirixido ao alumnado con exención de francés de 1º e 2º da ESO (repetidor, que promocióne con materias pendentes e que acceda a 1º de ESO e requira reforzo nas materias instrumentais). Alumnado proposto nas avaliacións iniciais polo profesorado</p>	<p>PE As xefaturas dos diferentes departamentos didácticos implicados farano constar anualmente nas programacións anuais Farase constar como RE no XADE ANEXOVI: informe titor/a , DO, confirmación familias e autorización director</p>	<p>Organización: Xefatura de estudos coa colaboración do departamento de orientación Imparte o Profesorado con dispoñibilidade horaria. No caso do alumnado con ACS e apoio PT, desenvolverá o profesorado especialista en PT nas horas de exención de francés Require: Informe do DO e titor/a e autorización das familias</p>

Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria	Apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria dentro da aula ordinaria para promover aprendizaxes básicas e/ou a inclusión de metodoloxías de colaboración	Pode estar destinada a todo o grupo, subgrupo ou a un alumno en concreto (no caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe)	PE (medidas de atención á diversidade) ANEXO VII: Informe titor/a ANEXO VIII: Valoración dos resultados	Designación do profesorado: Equipo directivo Responsable da medida: Profesorado dos diferentes departamentos didácticos
Reforzo educativo dentro da aula ordinaria	Modificar secuencia de contidos, procedementos e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos e outros aspectos metodolóxicos	Alumnado que presente dificultades de aprendizaxe	Farase constar como RE no XADE Anexo VII : Informe titor/a Anexo VIII: Valoración dos resultados .	Implementación da medida: Profesorado que imparte a materia ou PT con dispoñibilidade horaria.

5.3.-MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Van dirixidas a dar resposta ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo e poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso nos elementos de acceso ao currículo. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda. E, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

	MEDIDAS/ PROGRAMAS	CONSISTE EN	DIRIXIDA	REFLECTIDA EN ANEXOS	RESPONSABLES
M E D I D A S O R G A N I Z A T I V A S E C U R R I C U L A R E S	Apoio PT dentro e fóra da aula <i>Art. 57 Orde 8 de setembro de 2021</i>	Dentro: Atención directa do profesorado especialista en pedagogía terapéutica co fin de facilitar o seguimento da clase. Implica adaptación das actividades desenvolvidas na aula e cambios metodolóxicos, en coordinación co profesorado da materia. Fóra: de forma excepcional, atención directa do profesorado especialista en pedagogía terapéutica co fin de desenvolver facilitar a adquisición das competencias necesarias no ámbito científico, lingüístico e nas HHSS e de dar resposta ás necesidades que presentan. Esta medida implica a coordinación e avaliación conxunta co profesorado da materia.	Fóra: Alumnado con NEAE/ NEE que teña formalizadas medidas de adaptación curricular significativa ou que presente un desfase curricular significativo. Dentro: Alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao que o seu nivel de competencia curricular lle permita seguir as clases	Na programación anual do departamento de orientación ANEXO VII: Informe titor/a e comunicación apoio PT/RE	Xefatura do departamento de orientación. Imparten docencia os especialistas en pedagogía terapéutica.
	Grupos de adquisición de linguas e grupo de adquisición da competencia curricular <i>Art. 68 e 69 da Orde 8 de setembro 2021</i>	Agrupamentos flexibles, con atención individualizada na formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino e da adquisición da competencia curricular correspondente.	Alumnado procedente do estranxeiro que descoñeza totalmente ámbalas linguas oficiais de Galicia. Alumnado procedente do estranxeiro cun desfase curricular de 2 cursos ou máis.		Profesorado das especialidades de tipo lingüístico (GAL). Profesorado das áreas instrumentais (GACC) O titor/a encargado da coordinación do equipo docente, asesorado polo DO. Os pais serán informados.
	Flexibilización da duración do período de escolarización na educación secundaria obrigatoria e bacharelato <i>Art. 58 e 59 Orde 8 setembro 2021</i>	Na posibilidade de permanencia excepcional na ESO ata os 19 anos. Na redución dun ano en cada unha das etapas educativas (ESO/bacharelato) : AACC	Alumnado da ESO e de bacharelato con NEE/AACC e que así o aconselle o informe psicopedagóxico.	ANEXO IX: Información Equipo docente. ANEXO X: Informe DO. ANEXO XI: Autorización familias. ANEXO XII: Solicitud	Informe e trámite: Xefatura do departamento de orientación Acordo dos implicado e das súas familias Autorización da xefatura territorial
	Derivación a un Programa de Formación Profesional Básica (FPB) <i>Orde do 13 de xullo de 2015</i> <i>Orde 26 de maio de 2022</i>	Oferta educativa da FP, de dous anos de duración, que teñen como finalidade previr o abandono escolar e posibilitan ao alumnado a obtención do título da ESO.	Alumnado da ESO de 15 ou 16 anos, cumpridos no ano de inicio do ciclo formativo , con desfase ou dificultades nas súas aprendizaxes e que teñan cursado 3º de ESO ou excepcionalmente 2º e que poden pór en risco a obtención do título da ESO.	ANEXOS XIII CFPB/ O. 26/05/22.: - Acta reunión profesorado da relación de alumnos/as, asinada por todos (ANEXO I) - Consello orientador por duplicado: titor/a (ANEXO II). - Consentimento das familias: ANEXO III. - Comunicación incorporación a FPB: Director ANEXO IV.	Informes: titor (recolle proposta razoada do equipo docente) e da xefatura do departamento de orientación Acordo dos implicados e das súas familias Autorización: Dirección do centro,

<p>Atención educativa hospitalaria/ domiciliaria <i>Art. 62 Orde 8 de setembro 2021</i></p>	<p>Atención educativa ao alumnado que por circunstancias diversas presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo</p>	<p>Serán destinatarios desta atención o alumnado que, cursando ensinanzas de réxime xeral na modalidade presencial, por prescripción facultativa se considere non poderá asistir ao centro por un período superior a un mes.</p>	<p>ANEXOS XIV Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria. ANEXO I: Solicitud da familia co compromiso de apoio á atención ANEXO II: Modelo orientativo de informe médico. ANEXO III: Traslado da solicitude por parte da dirección do centro á xefatura territorial. ANEXO IV: Informe da situación académica do alumnado. ANEXO V: Elementos que debe conter o Programa Individualizado. ANEXO VI: Informe final de seguimento. ANEXO VII: Modelo de folha de rexistro semanal de incidencias. ANEXO VIII: Acordo de atención educativa domiciliaria coa familia</p>	<p>Protocolo de actuación 1) Solicitud da medida a instancia dos seus pais ou titores legais 2) Realización do programa individualizado de atención educativa 3) Solicitud á xefatura territorial a través da inspección Atención educativa: persoal educativa externo ao centro Coordinación: persoa titora e D.O. Planificación actividades: Equipo docente</p>
<p>PDC 3º/4º <i>Art. 9. do Decreto 229/2011</i> <i>Art. 61 Orde 8 setembro 2021</i></p>	<p>Agrupamentos de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas. Realízase adaptacións metodolóxicas e organizativas desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para o alumnado que tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do dito título.</p>	<p>Alumnado de 3º ou 4º da ESO con dificultades de aprendizaxe que necesite unha atención máis individualizada. Permanecerá al 1º.-Alumnado con necesidade específica de apoio educativo con informe 2º.-Alumnado repetidor 3º.-Alumnado que promocionando con pendentes que se impartan no agrupamento</p>	<p>ANEXOS XVII: PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR: ANEXO I. Proposta razoada do equipo de profesores. ANEXO II. Información aos pais. ANEXO III. Conformidade dos pais . ANEXO IV. Informe do titor/a. ANEXO V: Informe DO. ANEXO VI: Toma de decisións. ANEXO VII: Relación do alumnado proposto.</p>	<p>Proposta : maio/xuño equipo docente, tendo en conta os informes psicopedagóxicos se é o caso Selección: xefatura de estudos , xefatura do departamento de orientación e titores Confirmación: avaliación inicial /equipo docente Titor/a: Información familias, elaboración do informe e reflicte a medida no XADE Autorización: Servizo Inspección Técnica Educativa (SITE) e familias. Coordinación e programación :: Departamentos didácticos Desenvolvemento: profesorado de materia e tutor/a do PDC. Incorporación ao grupo ordinario por recuperación das aprendizaxes ou por falta de aproveitamento.</p>

	<p>Flexibilización modular- FP Orde do 12 de xullo de 2011. CAP. VII.</p>	<p>Cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.</p>	<p>Alumnado con necesidades educativas especiais, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen</p>	<p>ANEXO XVI ANEXO I: Informe DO. ANEXOII Conformidade do pai, nai en caso de ser menor de idade, ou a súa propia, se é maior de idade. - Fotocopia compulsada do expediente académico. ANEXOIII Proposta de nova distribución horaria.</p>	<p>Avaliación inicial: solicitude da dirección do centro no servizo territorial de inspección educativa, acompañada da documentación. - Autorización: Xefatura territorial</p>
<p>Adaptacións curriculares Art. 9. do Decreto 229/2011 e art. 55 Orde 8 setembro 2021</p>	<p>Modificar os elementos prescriptivos do currículo. Aplicarase durante un curso académico unha vez esgotadas outras medidas ordinarias e revisarase trimestralmente A avaliación e a promoción tomará como referencia os obxectivos, competencias básicas e criterios de avaliación fixados na propia ACS Nota: Normalmente require intervención directa por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica. Dita intervención está dirixida prioritariamente ás materias de LCL, LGL e MAT.</p>	<p>Dirixida ao alumnado da ESO e bacharelato que non pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe por razóns educativas, sociais, culturais, por déficit ou cualidades excepcionais e necesitan modificacións importantes no currículo en relación ao grupo no que está escolarizado</p>	<p>Reflectirase como AC no expediente académico ao que se achegará copia de dita resolución, actas, informe por traslado e no informe individualizado, é necesaria a autorización e comunicación ás familias e no XADE ANEXOS XVIII-ACS: ANEXO I: Acta de reunión, dirixida polo Xefe de Estudos. ANEXO II: Expediente da adaptación curricular (DO) Anexo III: Proposta de adaptación de cada materia (profesorado da materia). ANEXO IV: Constancia de información e autorización familias</p>	<p>Avaliación psicopedagóxica: e Expediente de adaptación curricular: xefatura do departamento de orientación . Reunión do xefe de estudos, xefe do departamento de orientación, equipo docente e titor para decidir a pertinencia da adaptación Remisión ao SITE do documento de AC, que emitirá un informe Deseño e Desenvolvemento: responsabilidade do profesorado que imparte a materia coa intervención directa do profesorado de apoio (PT) e a colaboración e asesoramento do orientador/a</p>	

6.- ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS IMPLICADOS NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Ademais das sinaladas nos cadros anteriores que describen as diferentes medidas e tendo en conta que o obxectivo de todo o equipo educativo debe ser común: **Ofrecer a cada alumno e alumna a resposta que precisa ás**

necesidades que presenta , cabe sinalar en relación directa coa diversidade do alumnado presente nas nosas aulas as funcións de cada profesional :

6.1.- Profesores titores/as, profesores/as da aula ordinaria:

O profesor/a de aula é o que ten o alumno/a na súa aula, e polo tanto, o responsable de axudarlle a que acade os obxectivos establecidos con carácter xeral e responsable tamén de potenciar as súas capacidades. Entre as súas funcións destacamos:

- Elaborar a súa Programación de aula tendo en conta as características xerais e individuais dos seu alumnado.
- Participar con todo o equipo de profesores na resposta á diversidade.
- Realizar a avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ás características do alumnado e de dar resposta concreta ás necesidades identificadas.
- Coordinar coa xefa do Departamento de Orientación a intervención educativa do alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo.
- Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos.
- Cada profesor-titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, as seguintes funcións con respecto á diversidade:
 - Coñecer as características persoais de cada alumno e alumna.
 - Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
 - Coordinar as adaptacións curriculares do alumnado do seu grupo.
 - Informar ó equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos e coordinar o axuste de programas e protocolos, especialmente no referente ás respostas educativas ante as necesidades máis específicas de reforzo e apoio.
 - Facilitar a tramitación de documentación coas familias: exención de francés...

6.2.- Profesores/as de Reforzo Educativo:

Referímonos ás persoas que levan a cabo este RE fóra da aula en horario lectivo, incluíndo aos profesores/as dos agrupamentos flexibles. As súas funcións serían as seguintes:

- Valoración inicial dos casos remitidos tendo en conta o nivel da clase e o dos alumnos/a en particular.
- Concreción da programación da aula en función das necesidades individuais.
- Atención especial nas áreas instrumentais.
- Elaboración trimestral dun informe individualizado.
- Traballo coordinado co profesor/a de área.

6.3.- Profesoras especialistas de Pedagogía Terapéutica :

O profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais terá as seguintes funcións:

1. Asistir as reunións da comisión de coordinación pedagóxica.
2. Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda a educación secundaria obrigatoria e, cando proceda, naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.
3. Colaborar, xunto coa xefa do Departamento de Orientación e o titor/a, na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares significativas (ACIS), e daquelas outras dirixidas a atención á diversidade do alumnado.
4. Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais ou alumnado con NEAE que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.
5. Participar , de ser necesario, co titor/a nas reunións coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
6. É a persoa encargada do alumnado que presenta dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, as súas funcións céntranse en:

- 1.** Alumnado NEE que conta con **Adaptacións Curriculares**.
- 2.** Alumnado escolarizado **nas aulas ordinarias** que, debido ás necesidades específicas de apoio educativo detectadas, poida precisar

de atención específica e individual por parte do profesorado especialista no campo da Pedagogía Terapéutica.

Para o caso concreto das actuacións derivadas da atención que sexa necesario dispensar ao alumnado escolarizado nas aulas ordinarias por parte do profesorado en Pedagogía Terapéutica, establécense os seguintes criterios xerais para a organización de ditas actuacións:

Alumnado ao que se dirixe esta atención:

- Priorízase a atención ao alumnado NEE.
- En primeiro lugar, o que, contando co correspondente informe psicopedagóxico, conten cunha Adaptación Curricular (ACI).
- En segundo lugar, poderase beneficiar deste tipo de medidas de apoio o alumnado que precisa de Reforzo educativo (RE).
- A decisión de que un/unha alumno/a sexa atendido/a por parte do profesorado de PT será tomada de forma conxunta polo profesorado que atende ao alumno/a en cuestión, o Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos do centro. Precisarás de autorización da familia.
- Terá prioridade a atención dos cursos inferiores comezando polo primeiro curso da educación secundaria obrigatoria.
- Terá prioridade o apoio nas áreas instrumentais (linguas e matemáticas) sobre o resto das materias.

Organización da atención:

- De forma xeral, a atención do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica realizarase dentro da aula ordinaria.
- De xeito excepcional, poderá realizarse fóra da aula, non podendo exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais e en ningún caso suporás a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada materia.
- Fora da aula se realizará dita atención mediante pequeno grupo e atendendo a tres ámbitos: lingüístico, científico e ás HHSS. Estes tres ámbitos organizaranse por niveis: primaria básica, primaria ordinaria e secundaria. O traballo por ámbitos requirirá dunha coordinación co profesorado das materias pero non suporás unha extensión do traballo da aula. O alumnado que asiste ó traballo por ámbitos coa PT fora da aula

será avaliado conxuntamente entre o profesorado de PT e o profesorado da materia.

- As horas de asistencia individualizada a recibir por parte dun/dunha alumno/a concretaranse segundo as necesidades e circunstancias de cada caso.

Materias de atención prioritaria:

- Enténdese como materias de atención prioritaria á hora de establecer medidas de atención á diversidade por parte do profesorado de PT as seguintes:
 - Lingua Castelá e Literatura.
 - Lingua Galega e Literatura.
 - Matemáticas.
- No extremo contrario, sitúase como principais materias de integración, debido as características que presentan:
 - Educación Física.
 - Educación Plástica y Visual.
 - Música.
 - Ensinanzas de Relixión/Atención Educativa.
- En todo caso, o que se procurará será atender ás características e circunstancias de cada caso en particular.

Autorización:

Con carácter inescusable, para que un/unha alumno/a poda recibir medidas de atención á diversidade que sexa preciso desenvolver fóra da aula ordinaria, deberase contar coa oportuna autorización por escrito do pai/nai ou representante legal do mesmo/a.

Outras consideracións:

- Durante o horario no que o alumnado susceptible de atención individualizada por parte dos especialistas en PT se encontre integrado na aula ordinaria, será atendido a todos os efectos polo profesor/a ordinario da materia correspondente.
- Existe a posibilidade de desenvolver dentro da aula ordinaria, por parte do profesorado especialista en PT as medidas de atención á diversidade que se estime oportuno, e sempre e cando as circunstancias particulares do caso a atender así o permitan.

- En calquera caso, o fin último que se perseguirá será o de acadar a maior integración do alumnado posible, procurando non interferir no seu correcto desenvolvemento.
- Os soportes de PT fora da aula revisaranse trimestralmente de maneira conxunta co profesorado atendendo ós criterios de retirada de medidas extraordinarias. As familias serán informadas disto.

6.4.- PROFESIONAIS DE SOPORTE: INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS, MEDIADORA E PERSOAL AUXILIAR COIDADOR.

Persoal auxiliar coidador:

O persoal auxiliar coidador destinado á atención do alumnado indicado no punto anterior terá as seguintes funcións:

- Atender o alumnado nas entradas e saídas do centro docente; nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e nas demais necesidades análogas, potenciando nel a súa autonomía e inclusión. Esas atencións tamén se estenden ás noites no caso de alumnado internado en centros de educación especial.
- Realizar os cambios e o control postural que ese alumnado necesite.
- Facilitar os traslados polos espazos do centro.
- Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario.
- Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/ou lecer.
- De ser o caso, atender o alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo.
- Nos casos excepcionais en que resulte necesario, acompañar na ruta escolar o alumnado que requira da presenza do persoal auxiliar coidador.
- Colaborar nas actividades complementarias en que participe a alumna ou o alumno.
- Participar, logo da debida convocatoria, nas reunións en que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinación establecidas polos equipos docentes que correspondan e polo departamento de orientación.

Persoal intérprete de lingua de signos:

- Normalizar a situación da comunicación para facilitar o acceso ao currículo do alumnado con discapacidade auditiva e/ou xordocegueira, favorecendo a súa comunicación cos membros da comunidade educativa.
- Colaborar cos equipos docentes e con outras persoas profesionais que interveñan no proceso educativo do alumnado con discapacidade auditiva e/ou xordocegueira, favorecendo a súa inclusión e a eliminación de barreiras á comunicación, tanto mediante a utilización da lingua de signos como colaborando no uso doutros sistemas aumentativos e/ou alternativos de comunicación.
- Establecer, cos equipos docentes e co departamento de orientación, canles de coordinación que posibiliten a adaptación das programacións didácticas e de aula ás necesidades educativas específicas do alumnado con discapacidade auditiva e/ou xordocegueira.
- Colaborar na formación especializada dos equipos docentes e do resto de persoas profesionais que interveñen no proceso educativo do alumnado con discapacidade auditiva e/ou xordocegueira.
- Desenvolver canles de colaboración coas familias, así como con entidades, asociacións ou organizacións relacionadas co alumnado con discapacidade auditiva e/ou xordocegueira, de acordo cos criterios que se establezan no Plan xeral de atención á diversidade.

Persoal Mediador:

- Interpretar o significado das expresións que a persoa con xordocegueira emite para ofrecer unha resposta coherente que motive novas expresións. Isto esixe da persoa mediadora adaptar a súa propia expresión a unha forma comunicativa que, apoiada no contexto no que se produce a interacción, sexa á súa vez alcanzable á capacidade de comprensión da persoa con xordocegueira.
- Negociar significados coa persoa con xordocegueira.
- Interpretar á persoa con xordocegueira o que os outros din adaptando a información ao sistema comunicativo que esta necesite.
- Facilitar a comunicación entre a persoa con xordocegueira e a contorna, proporcionándolle información sobre as accións das persoas, as cousas, os acontecementos e as reaccións que xorden, tratando de que a persoa xordocega fórmese as súas propias ideas e poida adoptar unha actitude que lle permita facer eleccións e tomar decisións.

- Apoiar á persoa con xordocegueira para que poña en práctica as decisións tomadas, ofrecéndolle información da contorna que lle permita coñecer a súa vez as consecuencias.
- Proporcionar á persoa con xordocegueira información sobre o efecto que as súas accións teñen nos demais, para permitirlle desenvolver as súas habilidades así como a posibilidade de modificar a súa actuación no seguinte intento, ofrecéndolle, se fose necesario, un modelo socialmente correcto.
- Actuar como educadora, como motivadora e condutora de aprendizaxes, corrixiendo se fose necesario certas condutas de comportamento.
- Apoiar o desenvolvemento de estratexias sociais que faciliten a integración da persoa con xordocegueira no seu medio.

6.5.- ORIENTADORA:

- Participar na avaliación psicopedagóxica daquel alumnado que o precise, así como realizar o informe psicopedagóxico no que se recolla, analice e valore a información recollida no proceso de avaliación psicopedagóxica.
- Elaborar o correspondente ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira unha modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios.
- Establecer a proposta de organización de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo por parte do profesorado especialista, coa participación do propio .
- Elaboración do Plan de Atención á Diversidade.
- Coordinar as medidas de atención á diversidade e axentes implicados nas distintas etapas.
- Coordinar a planificación e desenvolvemento das actividades de orientación académica a través do PAT.
- Colaborar na prevención e detección de problemas de aprendizaxe.
- Asesorar aos departamentos didácticos e ao profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares..
- Colaborar cos profesores na toma de decisións da promoción final de ciclo/etapa.
- Manter comunicación cos equipos de orientación específicos para os casos que así o requiran.

- Colaborar coa Xefatura de Estudos nas medidas organizativas e de promoción da convivencia necesarias para un clima do centro que favoreza situacións propicias para os procesos de ensinanza-aprendizaxe.

6.6.- Equipo directivo:

- Aprobación deste plan e organizar os tempos necesarios para a súa aplicación.
- Facilitar e habilitar os recursos humanos e materiais dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades específicas.
- Solicitar os recursos de orientación e intervención psicopedagóxica externos cando sexa necesario.
- Velar polo cumprimento de todas as actuacións establecidas neste Plan.
- Tramitar documentación, protocolos e procedementos elaborados polo departamento de orientación que requiren de autorización de inspección educativa ou doutros organismos externos.

7.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS.

- O Departamento de Orientación facilitará reunións cos titores/as para a organización das distintas medidas no mes de setembro. Trimestralmente haberá polo menos outra reunión de coordinación, deixando constancia escrita dos acordos tomados.
- O Departamento de orientación participará e dinamizará conxuntamente cos titores/as e ofrecerá recomendacións nas avaliacións iniciais do alumnado, facilitando a elaboración de propostas, decisións e acordos.
- Todo o equipo de profesores implicados participan no seguimento e coordinación.
- Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos nos plans de traballo individuais introducindo as modificacións oportunas segundo a evolución do alumnado. O DO rexistrará este seguimento.
- Ao final de curso o departamento de orientación fará unha avaliación do desenvolvemento deste plan tendo en conta as avaliacións trimestrais dos axentes implicados, a través da Memoria Anual.

8.- CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS DISPOÑIBLES E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS:

8.1.- Criterios xerais:

Compre partir dunha avaliación das necesidades que presenta o alumnado e do contexto así como dos recursos dispoñibles en cada curso escolar.

Na resposta educativa daráselle prioridade as actuacións de carácter preventivo e de detección temperá, así como de carácter ordinario. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores previa avaliación psicopedagóxica e será necesaria a autorización da Dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda e, se é o caso, o informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Cando o progreso dun alumno ou alumna nunha materia non sexa o axeitado, determinaranse as medidas ordinarias de atención á diversidade que procedan. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas á adquisición de aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo. No caso de que ditas medidas non dean os resultados esperados, procederase a realizar unha avaliación psicopedagóxica coa autorización expresa das familias.

A xefatura do D.O. procederá a realizar as avaliacións psicopedagóxicas necesarias coa colaboración, se é necesario, do EOE. A súa realización axustarase ao establecido na *Orde do 8 de setembro de 2021*. Os resultados e conclusións recolleranse nun informe psicopedagóxico no que figurarán entre outras cuestións, a identificación das necesidades educativas, as orientacións curriculares, a determinación das axudas necesarias e cantas outras orientacións se consideren oportunas. Este informe xuntarase á documentación que forma parte do expediente escolar do alumno/a.

O equipo humano existente de cara a traballar no ámbito da atención á diversidade ven constituído por:

- Dous profesoras de pedagogía terapéutica a tempo completo.
- O equipo directivo.
- A xefa do Departamento de Orientación e unha orientadora educativa.
- O profesorado, en xeral.
- As familias de dito alumnado.
- Unha cuidadora.

- Unha mediadora (unhas horas semanais).
- Unha intérprete de lingua de signos (2 días semanais)

8.2.- Criterios para facilitar a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

A xefatura de estudos aplicará os criterios establecidos no PE, procurando que dito alumnado sexa distribuído nos distintos grupos de nivel. Neste sentido terase en conta as características do alumnado e os informes emitidos polo departamento de orientación do propio centro e dos centros adscritos e, se é o caso, polo Equipo de Orientación Específico. Da mesma maneira terase en conta as achegas realizadas polos equipos docentes nas xuntas de avaliación do curso anterior.

Para a incorporación do alumnado migrante aplicarase o protocolo elaborado a tal fin.

Cando o alumnado requira apoio específico do profesorado de pedagogía terapéutica, procurarase que coincidan as materias instrumentais nos grupos de referencia de dito alumnado.

Haberá que procurar que coincidan, sempre que sexa posible, á mesma hora todos os grupos nas materias optativas para facilitar a distribución deste alumnado nos diferentes grupos de nivel.

Se o alumno/a sae a traballar en grupos coa PT garantírase que cursen, como mínimo, 1 hora da materia co profesorado da mesma co profesorado da materia na súa aula ordinaria.

9.-MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN .

9.1.-NO PROPIO CENTRO

Co fin de implementar e avaliar as medidas e actuacións descritas neste plan, procurarase potenciar as actividades de coordinación nos diferentes ámbitos:

- **Xunta directiva e departamento de orientación:** a finais e ao inicio de cada curso escolar co fin de organizar a atención educativa do alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo e durante o curso co fin de desenvolver as medidas adoptadas.
- Entre **os titores/as** e o seu grupo.

- Entre os **titores/as, profesores/as, orientadores/as** cos **pais e nais** do alumnado.
- Reunións do **equipo docente**: avaliación inicial, sesións de avaliación e xuntanzas puntuais en función das necesidades concretas.
- Entre os membros dos **departamentos didácticos e o de orientación**.
- Entre os membros que constitúen comisións: Comisión de Coordinación Pedagóxica, Comisión de Convivencia

Así mesmo e tendo en conta que a identificación temperá das necesidades educativas do alumnado e a resposta educativa ás mesmas é unha tarefa prioritaria de todo o profesorado, cabe salientar as seguintes actuacións:

- A finais de curso, a xefatura do D.O. presentará perante a dirección do centro, en cumprimento da normativa vixente, unha proposta da organización dos apoios do alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo para o curso seguinte.
- Os equipos docentes, na xunta de avaliación ordinaria e na extraordinaria, analizarán os resultados educativos e os informes pertinentes e proporán as diferentes medidas de atención á diversidade para o curso seguinte. Ditas propostas quedarán recollidas nas correspondentes actas pola persoa titora. Para o alumnado de novo ingreso teranse en conta os informes emitidos (informe individualizado por traslado, informe ao finalizar a educación primaria e, se é o caso informe psicopedagóxico e outros), a historia escolar do alumnado e as aportacións da familia.
- Ao inicio do curso, a xefatura de estudos organizará as medidas de atención a diversidade de carácter grupal en función dos recursos dispoñibles, solicitando se é o caso o asesoramento da xefatura do departamento de orientación. Esta organización porase en coñecemento das persoas titoras e do profesorado implicado o antes posible co fin de que o alumnado poida incorporarse a ditas medidas ao inicio do curso lectivo. Igualmente adoptaranse as medidas necesarias para que o profesorado do D.O. poida impartir docencia dende o inicio das actividades lectivas.

- O departamento de orientación coa colaboración dos titores cubrirá o cadro de datos de carácter grupal en función dos recursos dispoñibles. Esta organización porase en coñecemento das persoas titoras e do profesorado implicado o antes posible co fin de que o alumnado poida incorporarse a ditas medidas ao inicio do curso lectivo. Igualmente adoptaranse as medidas necesarias para que o profesorado do D.O. poida impartir docencia dende o inicio das actividades lectivas.
- Segundo a *Orde do 8 de setembro de 2021*, ao inicio de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaráse coa información obtida a través da persoa titora e do departamento de orientación. Esta avaliación permitirá confirmar ou modificar as medidas adoptadas inicialmente orientadas á mellora do proceso de enseñanza-aprendizaxe. A persoa titora recollerá en acta as decisións e acordos acadados referidos a cada alumno/a e ao grupo no seu conxunto e trasladará a mesma á xefatura de estudos.

9.2.-COS CENTROS ADSCRITOS

O equipo directivo e o Departamento de Orientación desenvolverán actuacións cos centros de primaria adscritos ao IES co fin de facilitar o tránsito á ESO do alumnado de ditos centros (transmisión da información oral e documental do alumno de nova incorporación, planificación e realización de actividades de achegamento ao IES para as familias e o alumnado, coordinación dos aspectos xerais do Plan de Orientación, propostas conxuntas de actuación con alumnado necesidades específicas de apoio educativo, alumnado de procedencia estranxeira e de minorías étnicas...)

9.3.-CO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

A xefatura do departamento de orientación ou a dirección do centro poderán solicitar a intervención dos profesionais do E.O.E. a través do Servizo de Inspección Técnica Educativa, coa finalidade de:

- Solicitar información sobre recursos e materiais para responder ás necesidades educativas especiais.
- Colaborar na avaliación psicopedagóxica por estimar necesaria a intervención dun profesional externo ao centro.
- Asesorar e apoiar ao Departamento de Orientación.
- Contribuír á formación especializada do profesorado no ámbito das necesidades educativas especiais.
- Revisar o ditame de escolarización de alumnos que presentan necesidades educativas especiais.

9.4.-COS SERVIZOS MUNICIPAIS E FUNDACIÓNS

O Instituto colaborará e participará en programas de habilidades sociais, violencia de xénero, resolución de conflitos e outros que teñan relación co contido deste plan e que o Concello de Santiago de Compostela oferte para os niveis de ensino secundario. Así mesmo, cos servizos sociais, nos casos de absentismo escolar, seguindo o protocolo establecido para tal fin e coa unidade de migracións (UAMI).

Tamén coa UMAD, para a prevención das adicións ó alcol, cannabis, e tabaquismo.

O DO contará có traballo conxunto có Igaxes en diferentes programas:

- Tutorías individualizadas.
- PREVINT
- RESET

Se establecerá entre o DO e o Secretariado do Pobo Xitano, un convenio de colaboración para atender ao alumnado xitano e outros alumnos do barrio que podan requirir dos seus servizos.

Tamén realizará traballo conxunto coas familias monoparentais a través do Centro Abeiro de Cáritas Interparroquial, no barrio de Fontiñas.

Contará co Centro de Día ARELA e cos servizos sanitarios de Saúde Mental do CHUS. Tamén manterá unha coordinación có HDIX e as Unidades da atención a persoas co risco suicida.

Por último, o DO colaborará co CEE A Barcia na escolarización combinada do alumnado NEE e, sempre que a situación o requira, co profesorado da ONCE e FOAPS.

9.5.-CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

Nos casos en que, por propia decisión das nais, pais ou por derivación do departamento de orientación ou doutras institucións, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos necesarios para intercambiar información relevante coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

Contémplanse, entre outras, as seguintes colaboracións con institucións:

- O DO contará co traballo conxunto con IGAXES en diferentes programas (Titorías individualizadas, PREVINT, RESET).
- O DO contará cun convenio de colaboración co Secretariado Xitano.
- Traballo conxunto con familias monoparentais.
- Co centro de día ARELA.
- Con servizos sanitarios do CHUS (Unidade de prevención do suicidio e HDIX) así como doutras áreas sanitarias.
- Colaboración co CEE A Barcia en escolarizacións combinadas.
- Colaboración coa Fundación ONCE e FOAPS.

10.-CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS

A comunicación fluída coas familias é un dos obxectivos prioritarios do centro. As actuacións realizadas en relación coas medidas descritas neste Plan concréntanse en:

Comunicación ás familias das dificultades detectadas mediante entrevista persoal individualizada.

Solicitude de autorización para efectuar avaliacións psicopedagóxicas segundo o protocolo establecido para tal fin.

Información sobre os resultados e as medidas de atención á diversidade adoptadas en cada caso.

Emisión de informes escritos que sexan pertinentes previa solicitude razoada por escrito.

Mantemento de reunións periódicas, previa convocatoria, co profesorado implicado no desenvolvemento das medidas e coa xefatura do departamento de orientación.

Colaboración coa AFA e con outras institucións na organización de charlas informativas, cursos de formación e outras actividades relacionadas con este plan.

11.- AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PAD.

A súa finalidade é tomar decisións en relación ao seu deseño e desenvolvemento, é dicir, determinar a súa eficacia e introducir as modificacións oportunas para a súa mellora. Participarán na avaliación tódolos participantes: profesorado, alumnos e familias.

Para a recollida de datos será necesario arbitrar distintos momentos e métodos de recollida de información: reunións de pais, CCP, xuntas da avaliación, departamentos didácticos, actas de avaliación, cuestionarios...

Os datos recollidos deberán permitir coñecer o grao de consecución dos obxectivos propostos e os problemas específicos relacionados coa súa implementación.

Así mesmo, debe aportar información sobre os cambios necesarios para incrementar a eficacia de cada un dos programas e/ou medidas que o integran e para valorar os seus resultados.

A avaliación permitirá:

- Comprobar se os diferentes programas ou medidas que conforman o Plan de Atención á Diversidade acadan os seus obxectivos.
- Informar sobre o seu desenvolvemento, detectando as súas limitacións e fortalezas e permitindo introducir as melloras necesarias.

Para iso teremos en conta os seguintes **indicadores**:

▣ Adecuación das estratexias e instrumentos utilizados.

- Nivel de participación da comunidade educativa en xeral.
- Nivel de participación do departamento de orientación.
- Grao de adecuación das diferentes medidas que conforman o plan ás necesidades detectadas.
- Grao de eficacia na identificación das necesidades reais.
- Adecuación dos recursos humanos e materiais ás necesidades detectadas.
- Participación e implicación da comunidade educativa no desenvolvemento e avaliación do PXAD.

- Grao de aplicabilidade dos protocolos.
- Consecución dos obxectivos propostos.
- Grao de satisfacción dos implicados (alumnos/as, profesores/as e familias).

A avaliación da labor a desenvolver no ámbito da atención á diversidade, tal e como se recolle no *Decreto 229/2011* e na *Orde do 8 de setembro de 2021*, realizarase de acordo cos datos recollidos no correspondente proceso de seguimento e avaliación, elaborando a correspondente memoria, e establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora.

A avaliación global do desenvolvemento do PAD farase ó final de curso desde o Departamento de Orientación, previamente cada sección terá feita unha avaliación nas súas reunións específicas: sesións de avaliación, Departamentos Didácticos, Departamento de Orientación.

A finalidade desta avaliación será analizar a súa adecuación á realidade do centro e facer as propostas de mellora pertinentes para o seguinte curso.

Deberá ser levada a cabo polo propio Departamento de Orientación, coa colaboración do profesorado e dos pais/nais implicados/as, e co apoio da Xefatura de Estudos. Tamén poderán participar en dita avaliación o propio alumnado, pois eles/as son os/as principais beneficiarios/as da acción desenvolvida desde este ámbito. Polo tanto, poderíanse sinalar distintos niveis de avaliación da atención á diversidade:

- A nivel de alumnado.
- A nivel de profesorado-titor (e profesorado en xeral).
- A nivel de pais/nais do alumnado implicado.
- A nivel de xefatura de Estudos e de Departamento de Orientación.

As modificacións do PAD que se crea conveniente realizar, levaranse a cabo con carácter xeral ao remate de cada ano académico, incorporando ao mesmo as aclaracións, engadidos,...que se consideren oportunos de cara a unha maior e mellor optimización da labor a desenvolver. E tamén se procederá á modificación do PXAD no momento en que se produzan cambios na lexislación que modifiquen substancialmente a normativa referente á atención á diversidade.

12.- ANEXOS PARA A TRAMITACIÓN, SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS E OUTROS.

ANEXO I. Folla de derivación de solicitude de intervención do departamento de orientación.

ANEXO II.- Informe de transición de Primaria a Secundaria.

ANEXO III.- Informe de transición de Primaria a Secundaria

ANEXO IV.- Modelo de AC para alumnado con TDAH

ANEXO V.- Modelo de AC para alumnado con DISLEXIA.

ANEXO VI.- Exención da 2ª lingua estranxeira Informe titor/a/DO/ autorización familias e autorización director/a.

ANEXO VII.- Programa de RE: informe titor/a e autorización familias.

ANEXO VIII. -Valoración dos resultados do RE.

ANEXOS FLEXIBILIZACIÓN DO PERIODO DE ESCOLARIZACIÓN

ANEXO IX.- Informe do equipo docente.

ANEXO X.- Informe do DO.

ANEXO XI. Autorización familias.

ANEXO XII. Solicitude SITE.

ANEXOS XIII: DERIVACIÓN A UN PROGRAMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA:

ANEXO I.- Acta de reunión profesorado.

ANEXO II.- Consello orientador.

ANEXO III.- Consentimento familias.

ANEXO IV.- Comunicación incorporación do director.

ANEXOS XIV: ATENCIÓN HOSPITALARIA:

ANEXO I: Solicitude da familia.

ANEXO II.- Informe médico.

ANEXO III.- Traslado da solicitude por parte da dirección do centro á xefatura territorial.

ANEXO IV.-Informe da situación académica.

ANEXO V.- Elemento do programa individualizado.

ANEXO VI: Informe final de seguimento.

ANEXO VII.- Rexistro de incidencias.

ANEXO VIII.- Acordo de atención educativa domiciliaria.

ANEXO XV.- Agrupamento específico.

ANEXOS XVI: FLEXIBILIZACIÓN MODULAR:

ANEXO I: Informe departamento de orientación.

ANEXO II.- Conformidade dos pais ou do alumnos/a.

ANEXO III.- Proposta da nova distribución horaria.

ANEXOS XVII: PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR:

ANEXO I. Proposta razoada do equipo de profesores.

ANEXO II. Información aos pais.

ANEXO III. Conformidade dos pais .

ANEXO IV. Informe do titor/a.

ANEXO V: Informe DO.

ANEXO VI: Toma de decisións.

ANEXO VII: Relación do alumnado proposto.

ANEXOS XVIII: ADAPTACIÓNS CURRICULARES:

ANEXO I. Acta de reunión.-

ANEXO II. Expediente de Adaptación Curricular (DO)

ANEXO III. Modelo documento individualizado de área.

ANEXO IV. Comunicación e autorización das familias de ACS .

ANEXO XIX.- Intervención equipo de orientación específico.

ANEXO XX.- Autorización pais/nais solicitude información profesionais esternos ao centro.

ANEXO XXI.- Autorización familias realización avaliación psicopedagóxica.

ANEXO XXII.- Solicitude e recollida de informes escritos por parte da familia.